

Poemas carcerarios de Aníbal Otero \*

O laio do prisioneiro

Levábanme prisioneiro, cando  
chegado a alameda próxima do río  
a miña alma cunha nova luz do ceo sobre os albres,  
algo había na visión das ramas retorcidas  
que acelerou o ritmo da visión, fora da miña  
/ angustia  
y atavantou a miña alma angustiosamente  
hació futuro, fora do istante que me sostiña  
y a que podía agarrarme na miña desgracia,  
roto polos homes os fios do meu ser, levado e  
/ traído  
por eles sobre a terra, cara a destiños alleos  
que eles sangrentos dibujaban nun mundo de locura.  
Leváronme e troujérонme á cadeia,  
pero aquela image non tivo continuación,  
quedei truncado nela, sin principio nin fin,  
roto por primeira vez y aberto ás rupturas  
/ futuras.  
Un cor de leite matizaba tenramente todo.  
Hoje mesmo vejo aquela image como de un ser  
irrecognoscible nun mundo de misterio  
que solo un halo de si dejaba ver;  
pois non teño continuación bastante para  
/ explicala.  
E que a paisaje superpúñase sobre a trama  
de sensación de morte, que esvaída dos cadáveres  
frotaba no ar.

---

(\*) V. na sección de "Notas" deste mesmo número do *Boletín Galego de Literatura* o traballo de Claudio Rodríguez Fer: "Aníbal Otero, novelista e poeta carcerario".

### A cadeia de noite

Pasan sombras polo patio da cadeia  
á porta da celda iluminada.  
Eu trato de saber quen son  
ou degranar o meu ser no istante  
o suficiente pra aprehendelo,  
pra aprehender aquela auga no futuro,  
se o teño, o recordala.  
Os sucesos referíndose i-as horas  
a tantas persoas de aquel círculo  
déijanme a duda de se a vida  
se referirá a min, perdido no laberinto humano;  
de se a vida non será a latejante afora  
e non a miña, de se se haberá vaciado nas sombras  
que se moven sobre as lages oscuras do patio  
sombras a despar entre as da noite,  
espacios fríos humanizados  
pola proximidade dos infelices.

### Corre, pulsa ligeira, non te esquezas

Corre, pulsa ligeira, non te esquezas,  
pasa diante de min, abre este tempo  
que eu non pudo pasar, caido en min, no fondo.  
Cofas paredes da cadeia  
desgasta a hora enferrujada nelas  
sobre o remor do espazo  
que dende él poda chegar a calquer parte  
outra vez redimido do silenzo absoluto.  
Traime a lembranza dese día que nace, lonje  
e que ainda pode ser para min, como hoje é un soño  
aunque eu non teña forcias para sair d'aqui e del.  
Perdoname este espazo que esgotei  
danzade en torno meu. Salvaino noutros, que eu non  
[podo.

### A imaxe libre

Paxaros choidos  
en verdes abrairas  
por ollos fuxidos  
ó arco de ceu,  
pirlan adoecidos  
da i-alma que abala  
dende o seu segredo  
hasta o ar de prata.

Nin dos mais dormidos  
na sombra de ser  
en campos cinxidos  
a luz que en azul  
cerea estralidos  
do ar abrente a vida,  
nin niña, é a i-alma  
que entre aforas vibra.

Pero cando mais  
do todo se cre  
esa alma, igualada  
no senso da luz,  
a niña, cravada  
na forcia do ser  
pola libre imaxe  
esbara no alén.

4 de febreiro de 1939